



Ilustre Colexio de Avogados  
de Pontevedra



**economistas**  
Colexio de Pontevedra



Ilustre Colexio de Titulados  
Mercantís de Vigo e  
Pontevedra



Instituto de Censores  
Jurados de Cuentas  
de España en  
Galicia (AT-4ª)

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE PONTEVEDRA, O ILUSTRE COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA, O ILUSTRE COLEXIO DE TITULADOS MERCANTÍS E EMPRESARIAIS DE VIGO E PONTEVEDRA, E O INSTITUTO DE CENSORES JURADOS DE CUENTAS DE ESPAÑA EN GALICIA (AT-4ª)**


Vigo, 8 de setembro de 2014

**REUNIDOS**

 O Sr. Decano do ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE PONTEVEDRA, D. RAMÓN JÁUDENES LÓPEZ DE CASTRO, na representación que estatutariamente lle corresponde.

 O Sr. Decano do ILUSTRE COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA, D. JUAN JOSÉ SANTAMARÍA CONDE, na representación que estatutariamente lle corresponde.

 O Sr. Presidente do ILUSTRE COLEXIO DE TITULADOS MERCANTIS DE VIGO, D. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ PÉREZ, na representación que estatutariamente lle corresponde.

 O Sr. Presidente do ILUSTRE COLEXIO DE TITULADOS MERCANTIS DE PONTEVEDRA, D. DIEGO MOLEDO ESTÉVEZ, na representación que estatutariamente lle corresponde.

O Sr. Presidente do INSTITUTO DE CENSORES JURADOS DE CUENTAS e GALICIA (AT- 4ª), D. ENRIQUE M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, na representación que estatutariamente lle corresponde.

Ás partes recoñécense capacidade legal suficiente para subscribiren este Convenio de Colaboración, e a tal efecto



Ilustre Colexio de Avogados  
de Pontevedra



economistas  
Colexio de Pontevedra



Ilustre Colexio de Titulados  
Mercantís de Vigo e  
Pontevedra



Instituto de Censores  
Jurados de Cuentas  
de España en  
Galicia (AT-4ª)

## EXPOÑEN

I.- O Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra, ten entre as súas funcións a de “organizar e promover actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial, de previsión e outros análogos;” (*Artigo 6, Letra “e” do Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra*).

O Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra ten entre súas funcións a de acadar a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a súa formación e perfeccionamento (art. 4º.1. Fines, de los Estatutos do Colexio de Economistas de Pontevedra).

Os Colexios Oficiais de Titulares Mercantís de Vigo e Pontevedra, teñen entre as súas funcións de acordo con artigo 4 parágrafo 6º dos Estatutos vixentes “Velar pola formación profesional permanente nas diferentes actividades profesionais dos colexiados”.

O Instituto de Censores Jurados de Cuentas de España en Galicia é unha corporación de Dereito Público representativa dos auditores de contas e sociedades de auditoría legalmente constituídas, que está habilitada para organizar actividades de formación profesional continua de conformidade co artigo 41.3 do Regulamento de aplicación do texto refundido la Lei de Auditoría de Contas, aprobado polo Real Decreto 1517/2011 do 31 de outubro, no marco da promoción e organización de actividades de interese para os seus membros.



Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra



economistas  
Colexio de Pontevedra



Ilustre Colexio de Titulados Mercantís de Vigo e Pontevedra



Instituto de Censores Jurados de Cuentas de España en Galicia (AT-4º)

II.- As entidades asinantes coinciden na conveniencia de cooperar nas tarefas que ás catro institucións lles corresponde desenvolver no cumprimento das súas funcións de promoción de actividades de formación dirixidas aos seus propios colexiados.

III.- É desexo das institucións asinantes a subscrición do presente convenio marco de colaboración nas actividades formativas que organicen conxunta o separadamente.

Por iso, as partes acordan subscribir este convenio de conformidade coas seguintes.

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é regular as formas de colaboración entre as corporacións asinantes nas actividades formativas que organizaren, conxunta ou separadamente, sobre materias de interese común para os seus colexiados.

**SEGUNDA.-** Para a organización conxunta de actividades formativas de interese común, creárase unha Comisión integrada por dous membros de cada unha das entidades que subscriben este convenio, o no seu caso, das que participen na organización da actividade proxectada. No caso do ICAPONTEVEDRA os representantes serán membros da súa Xunta de Goberno ou as persoas que esta designe.

Esta Comisión entenderá e resolverá as cuestións relacionadas coa actividade formativa concreta e o cumprimento das cláusulas do Convenio.



Ilustre Colexio de Avogados  
de Pontevedra



economistas  
Colexio de Pontevedra



Ilustre Colexio de Titulados  
Mercantís de Vigo e  
Pontevedra



Instituto de Censores  
Jurados de Cuentas  
de España en  
Galicia (AT-4ª)

**TERCEIRA.-** Poderán participar os profesionais das corporacións que subscriben o presente Convenio nas actividades formativas que organizar calquera delas, nas mesmas condicións que os profesionais inscritos na corporación organizadora, previa invitación formal desta. As corporacións invitadas deberán dar publicidade a invitación cursada destacando a identidade dos patrocinadores nos medios a través dos que se divulgue a actividade formativa de que se trate.

**CARTA.-** Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2015, renovándose automaticamente cada ano se ningunha das partes o denuncia expresamente con, polo menos, un mes de antelación sobre a expiración do que sexa vixente.

**QUINTA.-** O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes lexitimaría a súa rescisión.

**SEXTA.-** Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora dos datos de carácter persoal, e comprométese a cumprir as esixencias previstas naquelas normas respecto dos datos persoais de que dispoñan. As entidades adoptarán as medidas de carácter técnico e organizativo necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal i eviten a súa alteración, perda, tratamento e acceso non autorizado.

Estando as partes informadas e conformes co contido e alcance do presente acordo, asinan por quintuplicado, no lugar e data indicados ao comezo.



Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra



economistas  
Colexio de Pontevedra

Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra



Ilustre Colexio de Titulados Mercantis de Vigo e Pontevedra



Instituto de Censores Jurados de Cuentas de España en Galicia (AT-4º)

POLO ICA DE PONTEVEDRA

POLO COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA



POLO COLEXIO DE TITULADOS MERCANTIS DE VIGO

POLO COLEXIO DE TITULADOS MERCANTIS DE PONTEVEDRA

POLO ICJCE